



## ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE OS PANASCOS – TOMIÑO (PONTEVEDRA)

### PROCEDIMENTO PARA FACER SOLICITUDES DE ARRENDAMENTO

**PRIMEIRO:** Soamente se poderán facer solicitudes en papel presentadas na Oficina Agraria Comarcal de O Rosal ou nas oficinas do Bantegal en Santiago de Compostela

**SEGUNDO:** O prazo de presentación de solicitudes será do 15 de decembro ao 15 de xaneiro, ambos inclusive. Fóra deste prazo non se admitirá ningunha solicitude.

**TERCEIRO:** Para que unha solicitude sexa admitida como válida terá que contar, como mínimo, coa seguinte documentación:

- Impreso de solicitude cuberto e asinado polo interesado
- Fotocopia do NIF/CIF cotexada
- Certificación bancaria ou fotocopia cotexada da 1ª páxina da cartilla
- No caso de que a **persoa arrendataria sexa unha sociedade** (sociedade civil, SAT, ...), deberá entregar tamén a seguinte documentación :
  - CIF da sociedade, acta de constitución, estatutos e documento acreditativo dos membros da sociedade.
  - Poder de representación da persoa que xestione a documentación.

NOTA: Non se admitirá ningunha solicitude na que falte algún destes documentos. Pechado o prazo non se poderá axuntar documentación aos expedientes.

Ademais poderán axuntar á solicitude calquera outra documentación que estimen oportuna para ser valorada no caso de que houberse concorrencia de solicitudes (ver táboa de concorrencia para consultar as puntuacións).

### PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN

**PRIMEIRO:** En primeiro lugar resolveranse os expedientes que NON teñen concorrencia, é dicir, aquelas parcelas sobre as que soamente se fixese unha solicitude.

**SEGUNDO:** A continuación pásase a resolver os expedientes nos que exista concorrencia de solicitudes. A orde de resolución das concorrencias será por número de expediente Bantegal, comezando polo nº de expediente máis baixo.

**TERCEIRO:** Nos expedientes que exista concorrencia de solicitudes aplicarase un coeficiente de corrección aos arrendatarios que xa se lles tivese adxudicado parcelas. O coeficiente a aplicar é o seguinte:

- Ata obter 3 parcelas ou 0,5 hectáreas (ambos inclusive) non se aplica coeficiente de redución.
- Entre 4 e 6 parcelas (ambos inclusive) ou entre máis de 0,5 ha e 1 hectárea aplícase un coeficiente de redución de 0,8.
- Para 7 ou máis parcelas e máis de 1 hectárea aplícase un coeficiente de redución de 0,4.

**CATRO:** No caso de que dous ou máis solicitantes teñan a mesma puntuación, seguirase a seguinte fórmula de desempate: adxudicarase a aquel arrendatario que teña o valor máis baixo do último dígito numérico do NIF/CIF. Se aínda así seguise o empate, utilizarase o penúltimo dígito, e así sucesivamente ata desfacer o empate.





## EXEMPLOS – RESOLUCIÓN DE CONCORRENCIA

### EXEMPLO 1:

Temos dous arrendatarios cos seguintes datos de partida:

	Nº parcelas adxudicadas	Superficie adxudicada	Puntuación inicial
Arrendatario nº 1	3	0,4	70
Arrendatario nº 2	4	0,48	80

Agora supoñamos que estes dous arrendatarios solicitan a **Parcela A de 0,12 hectáreas**. Haberá que resolver a concorrancia, completándose o cadro como segue:

	Nº parcelas adxudicadas	Superficie adxudicada	Puntuación inicial	Factor de corrección	Puntuación final
Arrendatario nº 1	3	0,4	70	1	70
Arrendatario nº 2	4	0,48	80	0,8	64

O arrendatario nº 1 está no primeiro tramo (até 3 parcelas e 0,5 hectáreas), polo tanto non se lle aplica factor de corrección. Sen embargo o arrendatario nº 2 está dentro do segundo tramo, polo que se lle aplica un factor de corrección de 0,8 (multiplícase a puntuación que obtivo na valoración por 0,8). O resultado é a Puntuación Final para cada un dos arrendatarios. Tendo en conta isto, o arrendatario nº 1 tería máis puntuación e polo tanto adxudicáraselle a el o arrendamento da parcela A.

Agora, de novo, os dous arrendatarios solicitan de novo outra parcela: **Parcela B de 0,10 hectáreas**, a nova situación sería a seguinte:

	Nº parcelas adxudicadas	Superficie adxudicada	Puntuación inicial	Factor de corrección	Puntuación final
Arrendatario nº 1	4	0,52	70	0,8	56
Arrendatario nº 2	4	0,48	80	0,8	64

Neste caso o arrendatario nº 1 (que xa ten sumada a parcela A que gañou no anterior proceso de concorrancia) estaría en iguais condicións que o arrendatario nº 2 (entre 4 e 6 parcelas e entre 0,5 e 1 hectáreas) e estaría polo tanto en iguais condicións que o arrendatario 2, polo que a ámbolos dous se lles aplicaría o mesmo factor de corrección (0,8). O resultado final neste caso sería que o arrendatario nº 2 gañaría a concorrancia e adxudicáraselle a parcela B.

### EXEMPLO 2:

Temos dous arrendatarios cos seguintes datos:

Arrendatario nº 1 con NIF/CIF nº A58818503

Arrendatario nº 2 con NIF/CIF nº 14523674F

Supoñamos que estes dous arrendatarios están empatados a puntos no proceso de adxudicación, entón collemos o último dígito numérico dos respectivos NIF/CIF (o que está máis a dereita). Para o arrendatario nº 1 sería o 3 (A58818503) e para o arrendatario nº 2 sería o 4 (14523674F). A finca adxudicárase a aquel que teña o dígito máis baixo (sendo o máis baixo o 0 e o máis alto o 9), que é o 3, polo tanto esta parcela será adxudicada ao arrendatario nº 1.

